

**Recurso nº 70/2019**

**Resolución nº 69/2019**

## **RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 28 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por dona M.S.P.P. actuando en nome e representación de ENDESA ENERGÍA S.A.U. contra os pregos da contratación dunha subministración de enerxía eléctrica aos diferentes puntos de consumo da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO 001201900011, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** A Deputación da Coruña convocou a licitación a contratación dunha subministración de enerxía eléctrica aos diferentes puntos de consumo da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO 001201900011, cun valor estimado declarado de 441.406,78 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público e no DOUE o 22.02.2019.

**Segundo.-** O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

**Terceiro.-** Impúgnase a seguinte determinación do PCAP, publicado o 22.02.2019: *“A los efectos de valorar la oferta de suministro de electricidad generada a partir de fuentes de energía renovables o de cogeneración de alto rendimiento por encima del mínimo establecido, el licitador declara la cantidad de electricidad generada a partir de dichas fuentes comercializada en el ejercicio 2018 y se compromete a mantener dicho porcentaje, como mínimo, en el futuro. La acreditación del origen de la energía comercializada en el ejercicio 2018 se efectúa mediante el documento que se incorpora como anexo a esta oferta.”*

**Cuarto.-** O 15.03.2019 interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

**Quinto.-** O 18.03.2019 reclamouse á Deputación da Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 LCSP. A documentación foi recibida neste Tribunal o día 26.03.2019.

No expediente figura a resolución do órgano de contratación, adoptada o 26.03.2019, pola que se acorda o desestencia da referida contratación, tamén acorda publicar a mesma no DOUE e mais na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**Sexto.-** Respecto da medida cautelar solicitada, pásase a resolver o recurso polo que non resulta necesario pronunciarse.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**Terceiro.-** A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso aínda que non teña a condición de licitador, pois precisamente as bases da convocatoria provócanlle ao seu entender un prexuízo que pretende remediar coa interposición do recurso e a obtención dunha resolución favorable. Neste sentido, as prestacións do contrato ao que se refire esta impugnación están incluídas no ámbito da súa actividade empresarial. Así se ten pronunciado este TACGal en Resolucións anteriores, por exemplo a 2/2018, 46/2018 ou 52/2019.

**Cuarto.-** O recurso foi interposto en prazo, ao abeiro das datas descritas.

**Quinto.-** Estamos perante a impugnación dos pregos nunha contratación de subministración de valor estimado superior ao 100.000€, polo que o recurso é admisible.

**Sexto.-** Antes de abordar outros aspectos, hai que deterse no feito de que existe un acordo do órgano de contratación do 26.03.2019 polo que se desiste do procedemento da contratación dunha subministración de enerxía eléctrica aos diferentes puntos de consumo da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO 001201900011. Nese acordo tamén aprobou publicar a desistencia no DOUE e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O acordo recolle que o órgano de contratación detectou un erro non emendable no prego de cláusulas administrativas particulares, dado que o documento que se solicita para acreditar a oferta de orixe renovable da enerxía, referido ao ano 2018, non ten vinculación directa co obxecto do contrato nos termos do artigo 145.6 da LCSP e non está dispoñible na data da licitación.

Dado que o órgano de contratación desiste da contratación cuxos pregos foron impugnados, cabe poñer fin ao presente recurso como consecuencia da carencia sobrevida do seu obxecto. Así, as cuestións suscitadas quedaron sen obxecto ao acordar o órgano de contratación a desistencia do procedemento licitador.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por ENDESA ENERGÍA S.A.U. contra os pregos da contratación dunha subministración de enerxía eléctrica aos diferentes puntos de consumo da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO 001201900011, no sentido manifestado no último dos fundamentos.

2. Declarar que non se aprecia temeridade o mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.